

Camión
con **nós**



co **BNG**
Hai **FUTURO**

Barro ten unhas terras que poderían producir moita riqueza. Coa cantidade de paro que hai, non se entende que non se poñan os medios para que máis xente poida vivir da terra.

É increíble que estando no consello de Rías Baixas dende o inicio, tendo o mesmo clima que o do Salnés e unha terra igual de produtiva, nunca se impulsara ou apoiara dende o goberno municipal á xente que podería estar vivindo do viño ou da horta.

Hai que mudar as cousas!



Tino González
Veciño de Valiñas



Antón Giráldez
Veciño de Curro

A min gústame xogar ao fútbol. De pequeno estiven na escola municipal e a verdade é que é unha pena que, tanto daquela como agora, os rapaces teñan que xogar nun campo en tan malas condicións. É unha verdadeira mágoa que non haxa tampouco material decente para a práctica do deporte.

En case todos os concellos da provincia hai un campo de herba sintética pero en Barro non. Suponse que o goberno municipal é do mesmo partido que o da Deputación, que foi quen os fixo pola provincia adiante. Tampouco entendo que o pavillón de Curro leve tantos anos pechado coa necesidade de instalacións deportivas que temos no concello.

Chegou o tempo de cambiar en Barro!



Marisa Castro
Veciña de Perdecanaí

Este goberno municipal nunca se preocupou polas persoas que teñen dificultades para moverse. É moi difícil chegar ao centro médico se non é en coche e tamén é difícil o acceso ao mesmo. Na mesma situación estamos co acceso ao colexio, por non falar da biblioteca. Podería citar moitos exemplos (casa do concello, beirarrúas, etc.). Levo anos pedindo solucións para o meu caso particular pero é moita a xente que ten problemas de mobilidade e sei que o reclama tamén. Dende o goberno municipal sempre atopamos a calada por resposta. Precisamos outros gobernantes!

É incomprendible que a día de hoxe non teñamos saneamento nin traída de augas municipal nas parroquias. A moitos veciños sécalles o pozo no verán ou contáminaselles polos pozos negros. Aínda por riba os do PP pretenden cobrarnos tanto polos pozos como polas traídas particulares.

Para os que temos fillos pequenos tamén é triste que para levalos á piscina, a unha obra de teatro ou a un parque en condicións, teñamos que ir a concellos do lado.

Fai falla un goberno con proxecto!



José Luís Núñez
Veciño de Perdecanaí



Maruja Outón
Veciña da Portela

Cando era nova sempre pensei que Barro medraría moito e que chegaría a ter un centro urbano de certo talle. Estando tan ben situado (entre Pontevedra, Caldas e Vilagarcía) o lóxico é que nos tempos que vivimos avanzáramos moito.

Despois de 28 anos co mesmo goberno municipal, o que temos son catro edificios no Samarco, algún que outro comercio e para de contar. Isto está mal, meus veciños. Miremos ao noso contorno e veremos que mentres outros concellos medraron, o noso segue na mesma.

O cambio é posible e necesario!




Rubén Villar.
Veciño de Valiñas

Lorena Blanco
Veciña de Barro

Que podemos dicir de Barro...máis ben pouca cousa. Sempre tivemos a idea de vivir en Barro, cerca da familia e cos costumes que coñecemos pero cada día temos máis dúbidas. Non se ven atractivos no noso concello. Non hai nada que facer. Dende o goberno municipal non se preocupan pola mocidade. Tampouco pola educación, nin pola cultura, nin polo lecer... Non hai onde ver un espectáculo. Dános pena ver que neste concello non hai vida coma noutros.

Nós falamos con compañeiros que veñen de concellos parecidos ao noso, e cóntannos todo o que alí teñen. Que pena que en Barro vaíamos sempre por detrás.

Temos que apostar por gobernantes de futuro!



Javier Braña
Veciño do San Antoniño

Eu vivía no meu piso en Pontevedra. Decidín vendelo e vir vivir a San Antoniño coa miña parella no ano 2008.

Gustábame a idea de vivir nunha zona tranquila, onde poder criar os meus fillos, pero preto dunha cidade con todos os servizos que necesito. Mais parece que isto quedou a medias. O que parecía que ía ser unha bonita urbanización para vivir, rematou xusto onde eu vivo. Máis alá do meu garaxe xa non hai asfalto nas estradas, as beirarrúas non están rematadas e a maleza invade as rúas como no Oeste. Tampouco hai parques nin zonas verdes preparadas para que nenos e adultos poidan correr, xogar ou pasear con seguridade.

Preocúpame tamén que os domingos non poida entrar co coche na miña rúa sen facer barbaridades por mor da feira e ter que cruzar a N-550 con perigo.

Espero que máis antes que despois isto poida arranxarse e que a miña vila medre e se convirta no que eu agardaba.

É preciso un goberno con proxecto e previsión!



Agustín Méndez
Veciño de Agudelo

Levo toda a miña vida en Barro, e lembro con ledicia aqueles tempos nos que no Samarco había moita vida. Estabamos tamén todos máis unidos. Gastabamos bromas que hoxe nin se pensa. A verdade é que o que tiña que impulsar actividades é o goberno municipal pero, polo que levo tempo vendo, pouco ou nada fan para que isto avance.

Polo que a min respecta, seguirei indo a outros concellos para distraerme un pouco, xa que aquí non hai un lugar onde divertirse, bailar (se o corpo se presta) ou botarlle unha partida relacionándose coa xente.

Hai que apostar pola xente nova para que cambie as cousas!



Jacqueline Seijo
Veciña de Barro

Son nai, polo que son responsable de que a miña filla goce dunha boa educación. Os centros educativos deben ser dignos e deben evolucionar. O colexio público de Barro é un claro exemplo dun centro que non evolucionou e as súas carencias son moitas. O espazo exterior de xogo é moi pequeno. No canto de dar os pasos necesarios para ampliar este espazo, o Concello fai o contrario, é dicir, construír no contorno do colexio, impedindo a súa ampliación. O edificio ten tamén moitas deficiencias. O goberno municipal non amosa interese por mellorar o estado do colexio e nin sequera asiste ás reunións do Consello Escolar. Isto reflicte claramente a súa falta de interese pola educación dos nenos e nenas de Barro e este feito tenme moi preocupada.

Fai falla un goberno comprometido coas necesidades da xente!

Móvete por Barro



Pecha a porta dun pasado escuro, de mentiras, de falsidades, de discriminación, de intereses persoais, de falta de atención ás necesidades da xente e de ausencia dun modelo de concello.

Ábrelle a porta a un futuro esperanzador de verdade, de trato igualitario, de loita polos intereses xerais e públicos, de seriedade, de compromiso coa xente, de orgullo de ser de barro.

Párate un momento e pensa, por que en barro faltan tantas cousas? Quen leva 28 anos gobernando? O cambio está na túa man, fai o que debes, decídete ! **Vota polo futuro, vota ao BNG**

Co BNG, en Barro hai FUTURO